

Bolsas de xerencia en cooperativas  
Convocatoria 2012-13 para cooperativas

# Bolsas de xerencia en cooperativas

## CONVOCATORIA 2012-13 PARA COOPERATIVAS

**Convocan:** Unión de Cooperativas de Traballo Asociado UGACOTA e Novacaixagalicia .

**Colaboran:** Novacaixagalicia, Consellería de Traballo e Benestar e as asociacións de cooperativas: Federación de Cooperativas Sinerxia, Ugacomar e UCETAG.

### Obxecto

UGACOTA é unha entidade representativa do cooperativismo de traballo asociado en Galicia, e ten, como un dos seus obxectivos, melloral a xestión e o funcionamento deste tipo de cooperativas. Coñecida a situación existente (dun baixo nivel de xerencias profesionais nas cooperativas) dálle continuidade ao **apoio do labor xerencial**, convocando unha nova edición do programa de bolsas.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar cooperativas** beneficiarias do programa, e incorporar nelas a persoas recién tituladas para facer prácticas de apoio e mellora xerencial na cooperativa, **durante 9 meses a tempo parcial**. Ofrécense **3 bolsas**.

A finalidade do programa é mellorar as condicións nas que as cooperativas confrontan a función xerencial. O programa é de **carácter gratuíto** para a cooperativa.



Ano Internacional das Cooperativas

## Características das bolsas

### Desenvolvemento dun Plan de mellora

As persoas bolseiras seguen un Plan de Traballo, un programa formativo, teórico e práctico, de xerencia en cooperativas, trátase de desenvolver un **Plan de Mellora** na cooperativa. As bolseiras serán tituladas que contarán cunha titoría que se encarga de realizar seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fai na cooperativa, como poden ser : acadar información relevante dos distintos ámbitos da cooperativa, analizar as diferentes áreas, ordenar a información acadada, realizar propostas, planificar, aplicar as accións de mellora que decida a cooperativa, realizar o seguimento das medidas tomadas na cooperativa, etc.

Para cada cooperativa beneficiaria dunha bolsa, os traballos que se realicen , terán un certo grao de adaptación ás necesidades e demandas que a cooperativa manifeste ou que se detecte máis necesaria na área xerencial.

## Bolsas de xerencia en cooperativas Convocatoria 2012-13 para cooperativas

### Selección das persoas bolseiras

Do **proceso de selección das persoas bolseiras** encárgase Ugacota (en colaboración coas cooperativas adxudicatarias de bolsas).

As bolseiras serán asignadas a cada cooperativa despois de realizar 5 pasos :

- 1.- unha preselección en función do currículo e dun formulario de datos de interese.
- 2.- proceso de formación previa co grupo de preseleccionadas.
- 3.- fase de valoración e información ás cooperativas, sobre as persoas recomendadas para ser seleccionadas como bolseiras na súa cooperativa.
- 4.- fase opcional onde a cooperativa, pode realizar entrevistas ás candidatas á súa cooperativa.
- 5.- fase de selección final, coa participación da cooperativa, de ser o caso.

Asemade, unha vez finalizada a bolsa, e coa idea de darlle continuidade ao impulso do labor xerencial, a cooperativa estaría en disposición de valorar a incorporación da persoa bolseira á plantilla da cooperativa.

### Quen pode solicitalas

Entrarán no proceso de selección as **cooperativas galegas que teñan interese en mellorar o labor xerencial** e que non teñan persoal concreto e/ou profesionalizado para a xerencia .

### Proceso de selección de cooperativas

Recóllese información dos proxectos demandantes e valórase, faise en tres pasos:

- 1.- mediante un formulario, no que se valoran certos aspectos.
- 2.- unha xuntanza informativa sobre o programa de bolsas coas cooperativas demandantes
- 3.- Ugacota, de xeito opcional, pode recabar máis información mediante visita ou entrevista.

A valoración e selección das cooperativas beneficiarias dunha bolsa será realizada por unha Comisión Mixta na que participará persoal do programa de bolsas, e representantes de Ugacota e Novacaixagalicia.

### Compromisos das cooperativas seleccionadas

As cooperativas beneficiarias, por un lado, terán dereito a dispor dunha persoa bolseira na área xerencial para beneficio da cooperativa, con acompañamento dun titor de Ugacota, e por outro lado, adquirirán certas obrigas ou compromisos (de participación no programa, de atención e colaboración coa persoa bolseira, etc.)

**Na cooperativa deben existir unhas condicións mínimas de atención e adicación á bolsa e á persoa bolseira**, tanto para que poida desenvolver os traballos encomendados, como para que a cooperativa tire proveito e contribúa na boa marcha da bolsa .

### Lugar no que se desenvolve a bolsa e a práctica

Como as persoas bolseiras seguirán un programa formativo teórico-práctico, dinamizado por un titor da Unión, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- tanto nas instalacións da propia cooperativa que se lle asigne
- como nos lugares e instalacións onde se desenvolvan as actividades formativas e de titoría nas que teñen o compromiso de participar ( salas ou aulas de Novacaixagalicia, de UGACOTA, doutras asociacións de cooperativas ou outras que se estimen)

## Bolsas de xerencia en cooperativas Convocatoria 2012-13 para cooperativas

A meirande parte da bolsa desenvólvese **nas instalacións da cooperativa**, podendo reservar un tempo para que as bolseiras e bolseiros realicen traballos non presenciais, para certos casos. Por elo é **importante que a cooperativa dispoña das condicións de espazo e de equipamento idóneos**, para que a bolseira poida desenvolverse sen carencias durante a estadia en prácticas.

### Titorías nas propias cooperativas

Tamén hai previstas sesións de titorización dos traballos **na propia cooperativa**, nos que participarán algunha persoa socia da cooperativa, a persoa bolseira, e o titor de Ugacota.

### Datas de posta en marcha

O proceso de selección tanto de cooperativas como de persoas bolseiras realizarase en decembro 2012 e xaneiro de 2013.

A estadia da persoa bolseira na cooperativa estímase que iniciaría ao longo de febreiro de 2013.

### Solicitudes e documentos a presentar

**Dirixidas por correo electrónico** a UGACOTA, ao e-mail: [nuria@ugacota.org](mailto:nuria@ugacota.org), neste caso a Solicitud levará sinatura dixital ou estará escaneada do documento orixinal.

Para que as cooperativas interesadas na bolsa sexan **admitidas no proceso de selección** adxuntarán: **A solicitude** (asinada pola /o representante da cooperativa e selada). E o **formulario** de demanda de bolsa, que se pode encher online.

Información ou consultas, no telf. **986 13 65 92 / 981 57 55 78**, ou no e-mail: [nuria@ugacota.org](mailto:nuria@ugacota.org).

### Prazos de presentación

As solicitudes poderán presentarse ate o **11 de xaneiro de 2013**.

A Comisión Mixta de Selección, realizará a selección das cooperativas beneficiarias dunha bolsa, despois de valorar e determinar as cooperativas admitidas e excluídas para o proceso; e de recadar información que permita afondar na análise das solicitudes admitidas, segundo o proceso establecido.

As entidades convocantes resérvanse a posibilidade de ampliar o prazo, por falta de solicitudes, de ser o caso, ou outras causas de similar índole.

Non se admitirán solicitudes que non cheguen dentro do prazo indicado.

### Asistencia á xuntanza sobre o programa

As cooperativas demandantes dunha bolsa, ás que se lle comunique que están admitidas no proceso selectivo, e para continuar no mesmo, **teñen que participar nunha xuntanza sobre o programa de bolsas, para a cal lles será comunicada a data, lugar e hora**.

### Aceptación das bases

A presentación da solicitude implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte das cooperativas solicitantes.